

Programación  
*Pastoral*  
Curso 2017-2018



*Escola  
de fe*



DIÓCESE  
DE LUGO

# Liñas de acción

## Curso pastoral 2017-2018

### 1. Unha «escola» que cultive o don da fe

Nunha recente mensaxe<sup>1</sup> aos participantes no Simposio internacional de Catequistas en Bos Aires, o Papa Francisco dicía: «É necesario facerse cargo de todo o potencial de piedade e de amor que encerra a relixiosidade popular para que se transmitan non só os contidos da fe, senón tamén para que se cre unha verdadeira escola na que se cultive o don da fe que se recibiu, a fin de que os actos e as palabras reflectan a graza de ser discípulos de Xesús».

Esta insistencia do Papa Francisco na importancia da relixiosidade popular, presente xa na súa Exhortación *Evangelii gaudium*<sup>2</sup>, adquire unha actualidade particular este ano na nosa Diocese, polo don extraordinario recibido da «Indulxencia plenaria cotiá e perpetua» para a nosa Catedral, con motivo da exposición permanente do Santísimo Sacramento nela, e a concesión dun Ano Mariano, enriquecido tamén cunha «Indulxencia plenaria», ao noso Santuario de O Corpiño, que comezou o pasado 24 de xuño e clausurárase coa coroación pontificia da imaxe da Virxe o 24 de xuño de 2018.

A sorprendente coincidencia destes dons da Igrexa universal á nosa Diocese implica, por suposto, unha responsabilidade e, máis aló dunha reflexión sobre o significado da indulxencia<sup>3</sup>, plantea unha pregunta primeira: que significan estes signos para a vida da nosa Igrexa?

---

1 do 5 de xullo de 2017

2 Cf. nn. 122-126

3 Cf. ALFONSO CARRASCO ROUCO, *O don da indulxencia plenaria na Catedral Basílica de Lugo*, 2017

Pareceume atopar unha resposta no texto citado do Papa Francisco. Ambos privilexios refírense a grandes expresións de relixiosidade popular, determinantes, de maneira diferente, da fisionomía da nosa Diocese, e que foron postas en valor pola Igrexa universal. A primeira vista, trátase de expresións da máis lexítima piedade popular: a exposición e adoración do Santísimo Sacramento, a devoción pola Virxe nos seus santuarios, o gañar unha indulxencia como remedio das penas temporais consecuencia do pecado, visualizadas moi tradicionalmente polos nosos fieis nas ánimas do purgatorio.

Agora ben, o noso Papa insiste en lembrarnos que as manifestacións de relixiosidade popular han de ser entendidas como formas de encarnación e de vivencia da fe propias dun pobo e do seu camiño de evanxelización. Non as considera simplemente un fenómeno accidental con respecto ao esencial da vida cristiá, senón como expresión histórica da identidade do Pobo de Deus nun lugar, nunha cultura<sup>4</sup>.

Por conseguinte, tamén estes privilexios recibidos na nosa Diocese estannos pedindo que saibamos valorar así estes dous grandes lugares en que tomou forma e se expresou a vivencia da fe na nosa terra. E, ao mesmo tempo, ensínannos a mirar de modo semellante as outras moitas manifestacións da piedade do noso pobo, da nosa historia como Igrexa particular —e, en primeiro lugar, o gran signo que son as nosas parroquias, coa súa identidade e as súas tradicións, as súas capelas, etc.

Con iso, o Papa Francisco ábrenos toda unha perspectiva, decisiva para non caer na ilusión dun certo racionalismo cando pensamos na transmisión e o coidado da fe: non se dan en abstracto, pola soa forza das ideas, aínda que sexan morais e teñan mesmo —se se dese o caso— o apoio da sociedade, da mentalidade dominante. É necesaria a presenza próxima do fiel cristián, do Pobo de Deus como realidade perceptible, experimentable nas nosas comunidades, coas súas tradicións, iniciativas e celebracións, para que exista unha «verdadeira escola na que se cultive» a fe, de modo que a vida de cada un —as súas obras e palabras— «reflecta a graza de ser discípulo de Xesús».

Todo iso implica unha indicación pastoral primeira, que propuxemos xa en anos pasados: a necesidade de comprender a fe no

---

4 Ademáis do citado, cf. *Evangelii gaudium*, 115-118

Evanxeo como un camiño de vida, no que se ilumina o rostro de Deus, pero tamén o da persoa humana, o seu pobo e a súa cultura. Trátase dunha afirmación esencial, que non pode darse por descontado no noso mundo, no que, pola contra, insístese de moitas maneiras en reducir o ser cristián a un recubrimento «ideolóxico» —relixioso— da experiencia humana común, que outros interpretarían en diferentes termos culturais; pero non se toma en consideración a posibilidade de que a acollida crente do Señor poida cambiar a relación con Deus e introducir unha novidade real na existencia. E, con todo, afirmar esta relevancia da fe para a vida é imprescindible; pois cando o Evanxeo non pretende iluminar, facer posible a verdade plena da vida, perde o seu interese para a persoa, as súas formas de expresión na cultura dun pobo deixan de ser comprendidas e a fe simplemente non se transmite.

Pero a proposta do Papa Francisco achéganos agora un segundo contido: a referencia a **«unha verdadeira escola», necesaria para o cultivo do don da fe**, e que el identifica claramente con aquelas manifestacións e tradicións en que o Pobo de Deus expresa a súa acollida do Evanxeo en modos adaptados á propia cultura.

Este é un punto central que nunca subliñaremos en demasía: a transmisión, o cultivo dunha fe viva necesita unha «escola»: lugares e compañía que fagan posible una «educación na fe». Sen a posibilidade dun proceso educativo, ningunha proposta humana é realista e, por suposto, tampouco a proposta cristiá. O anuncio do Evanxeo ha de abrir un camiño de «educación», para ser crible, poder permanecer e dar froito na persoa.

Estes «ámbitos» educativos son imprescindibles. Os indicados polos privilexios que a Santa Sé concedeu á nosa Diocese son un exemplo, certamente moi importante, porque se refiren á forma da nosa identidade e tradición, á nosa realidade concreta; e será responsabilidade nosa, especialmente dos pastores, coidalos e propoñelos en todo o seu significado evanxelizador e educativo para o noso pobo. Pero este non é un principio que sexa válido só para a nosa Catedral, o Santuario de O Corpiño ou outro santuario; senón que en todos os nosos xestos e actividades pastorais, incluso as máis cotiás, habemos de procurar que sexan realmente propositivas, educativas.

Por outra parte, educación significa tamén sempre continuidade, compañía concreta, e tal ha de significar igualmente o anuncio do Evanxeo. Non podemos esquivar esta implicación persoal, pro-

pia da fe e alma de toda tarefa pastoral, como explicita solemne- mente a ordenación sacerdotal mesma. Todos os xestos pastorais piden de nós ser vividos como ocasión de encontro e de acompañamento persoal nun camiño de fe, coa finalidade indicada na frase do Papa: que os actos e as palabras reflectan a graza de ser discípulos de Xesús, de ser cristiáns.

Aínda que esta dimensión educativa estivo presente sempre na vida da Igrexa, corremos o risco de dala por descontado ou mesmo de descoidala algunhas veces. Hoxe somos convidados a comprendela e realizala máis conscientemente. É unha verdadeira urxencia —moitos falan de «emerxencia educativa»—, tamén polo desafío dunha interpretación que presenta a fe como un sistema de costumes e rituais —cando non de intereses egoístas—, nunha redución do seu significado que, subrepticamente, pode introducirse mesmo na nosa actividade pastoral.

## 2. Prioridade da catequese

Neste horizonte, será prioridade primeira neste curso a catequese, que é sen dúbida un instrumento fundamental para a educación na fe e parte principal da nosa actividade pastoral.

Na catequese resoan as dificultades con que se atopa a Igrexa na nosa época, que poden resumirse na separación entre a fe e a vida, e, por conseguinte, nunha percepción crecente da irrelevancia da fe á hora de dar forma libre e humana á propia existencia. De feito, observamos con frecuencia que a catequese é entendida desde un ámbito de interese moi restrinxido, relacionado cos costumes ou as festas e ritos propios do neno, o que limita grandemente a continuidade, a súa fecundidade para a vida.

Afrontar de novo a tarefa catequética pídenos, pois, en primeiro lugar, recuperar a nosa conciencia da bondade e a importancia de educar na fe. O afecto verdadeiro, a caridade, debe levarnos a todos —sacerdotes, catequistas, familias, comunidade— a dicir: «queremos educar na fe aos nosos nenos».

Sen afirmar conscientemente a pretensión de verdade e de ben da nosa fe para a vida das persoas, non seremos capaces de transmitila e de educar nela, e a catequese tenderá sempre a ser irrelevante.

A nosa conciencia crente, a intelixencia do significado da fe para a nosa vida, e a caridade, o afecto verdadeiro polo ben do próximo

—nenos, novos e tamén adultos—, son unha primeira condición indispensable para retomar de corazón a tarefa da catequese nas nosas parroquias e comunidades cristiás.

Por iso, resulta esencial o seguimento e a formación das persoas que compartirán esta misión. Non as deixemos soas, non demos por suposto que basta con provelas de recursos didácticos. Trátase de facer un camiño xuntos, no que as persoas son decisivas, pois son quen han de afrontar este desafío educativo, ao que han de sentirse enviadas polo Señor e na súa Igrexa. Todos os colaboradores e, en primeiro lugar, os catequistas, son un don de Deus para o ben do seu Pobo; e diso debe gardar sempre conciencia o sacerdote, agradecendo a súa presenza, acompañándoos e coi-dándoos no seu servizo na comunidade parroquial.

En vistas desta necesidade primeira, a Delegación de Catequese exporá este curso de novo as «escolas de catequistas» nas diferentes zonas da Diocese. Necesitará a colaboración cordial e o apoio de todos, para que recomencen con novo impulso.

Polo mesmo motivo, tamén a formación permanente dos sacerdotes terá este ano como tema a educación na fe e, concretamente, a reflexión sobre tres ámbitos especificamente relacionados con ela —catequese, escola e familia—; para o que dispoñemos dun documento recente da Conferencia episcopal española, que pode servir como punto de partida. Contaremos para iso igualmente coa colaboración da Delegación de Catequese.

**Unha segunda condición fundamental** da catequese é enunciada polo lema adoptado este ano polas nosas delegacións en Galicia: «parroquia, familia que inicia na fe». Lémbrennos así a mesma idea que propoñía o noso Papa Francisco: necesítanse «verdadeiras escolas» en que se cultive o don da fe, e estas escolas non son institucións escolares, senón aqueles lugares en que se expresa «o potencial de piedade e de amor» do que fala a fe —e a catequese— e que é a propia vida da Igrexa.

A comunidade parroquial concreta ha de ser de moitas maneiras o lugar desta educación para quen participa na catequese. Non só porque sen aprender a rezar, sen participar na Santa Misa, sen a comunidade e o exercicio da caridade, non se educa na fe. Senón tamén porque a parroquia, esta concreta familia na fe, é imprescindible para que o neno poida referir a algo presente, concreto, o que lle ensinan na catequese; é dicir, para que poida percibir a fe

como algo real, que é vivido hoxe no medio do mundo, para que teña un lugar onde crecer como cristián.

Non pode separarse o ensino das verdades da fe da pertenza actual, aquí e agora, á Igrexa. Doutro xeito sería difícil evitar que o coñecemento de Xesús se identifique con recibir informacións sobre alguén do pasado, que nos deu bos exemplos, e que a parroquia e os cristiáns sexan percibidos simplemente como representantes de costumes e rituais bastantes afastados xa da vida moderna.

Sen pertenza e participación na comunidade parroquial, sen relación viva con ela —sen a Santa Misa dominical—, a catequese non será ben comprendida, non terá todas as súas dimensións e, sobre todo, non enraizará realmente en quen a recibe.

Por suposto, isto non poderá facerse sen a participación tamén das familias. Será necesario coidalas explicitamente, polo menos para que comprendan, aproben e apoiem os planteamentos catequéticos da parroquia; sabemos que, sen iso, a educación da fe estará moi dificultada.

E convirá igualmente lembrar aos pais a importancia desoutro gran ámbito educativo que é a escola. Á petición da catequese corresponderíase naturalmente a inscrición á clase de Relixión, para crecer na comprensión tamén intelectual da propia fe, en relación coa nosa historia e co mundo contemporáneo.

En todo caso, xa que as familias se achegan ás nosas catequese parroquiais, non dubidemos en explicar, convidar a participar e tentar levar á práctica esta formulación fundamental: a parroquia, familia que inicia na fe.

### **3. Continuar a «reorganización pastoral»**

Todo iso pon de manifesto de novo a necesidade de continuar o noso camiño de «reorganización pastoral». En efecto, a vontade de adecuar as nosas «estruturas» para que sirvan mellor á tarefa da evanxelización foinos descrita agora como a necesidade dun ámbito de vida, de piedade e de amor, que poida transmitir a fe e ser tamén como unha «escola verdadeira» en que se cultive a vida cristiá.

Así pois, a existencia dun lugar —humano e eclesial— en que se comunique a fe e se faga posible unha compañía concreta, ex-

perimentada como camiño de verdade e de plenitude de vida, é unha urxencia primeira.

A proposta cristiá só é real cando xorde da pertenza a unha comunidade visible, palpable, á que pode convidar para verificar a relevancia da fe. Desprovisto desta «escola», o noso anuncio — desde as súas formas primeiras, kerygmáticas, á catequese, a predicación ou a proposta dunha moralidade auténtica nos debates sociais e culturais— carece dun alicerce real; e, aínda que parecen convincentes as ideas, non poderían ser «cultivadas» adecuadamente, non se chegaría á madurez do cristián adulto, capaz de propoñer a fe a outros coas súas palabras e coa súa vida.

Este é o obxectivo primario de nosa «reorganización pastoral». Todos os nosos fieis han de ter preto unha comunidade eclesial, máis ou menos grande ou rica, pero que sexa sempre unha referencia de vida, en que poidan experimentar o ser cristián nas súas dimensións fundamentais.

Non podemos contentarnos con garantir só algúns servizos puntuais, nin podemos reducir a oferta pastoral ordinaria á participación nunha Santa Misa celebrada a intervalos cada vez máis longos. A experiencia ensínanos que así a fe dos fieis non se «cultiva», senón que, na maioría dos casos, debilitase, dilúese e non se transmite. Sen un camiño de pertenza e de comunión, de coidado da propia fe, non hai posibilidade real de comunicala como algo determinante para a propia vida, e vaise perdendo co paso das xeracións e a oferta doutros modelos culturais. A mesma participación na Santa Misa os «domingos e festas de gardar» non debe ser vista como un simple requisito —do que sería fácil dispensar— ou un costume antigo, senón como a expresión da urxencia primeira de coidar o vínculo co Señor Xesús, de vivir realmente na comunión da súa Igrexa.

A tarefa da evanxelización, do anuncio do Evanxeo, pasa pola constitución destes lugares de referencia, vivos, próximos, en que estean presentes os trazos esenciais da fe —a palabra e os sacramentos, a unidade e a caridade. Aínda que o rostro concreto destas «comunidades» varíe segundo as circunstancias, as persoas ou as tradicións do lugar, todas elas serán para os fieis expresión do Pobo de Deus, cuxa principal manifestación «ten lugar na participación plena e activa ... nas mesmas celebracións litúrxicas, especialmente na mesma Eucaristía, nunha mesma oración, xunto a un único altar ...» (SC 41b).



Iso non diminuíra o valor das parroquias máis pequenas, que seguiremos coidando como parte de nosa propia identidade. Pero non podemos equivocarnos a prioridade fundamental da nosa pastoral, que o Papa anuncia como «evanxelización» e «misión» —en contraposición á mera «autopreservación»—, como a proposta de «escolas verdadeiras» en que ser «discípulos de Xesús».

Será así como poderemos conservar unha fe viva alí onde as comunidades non teñen xa recursos suficientes para soste adecuadamente aos fieis no seu camiño. E, ao mesmo tempo, seremos interpelados a vivir máis unidos, a exercer a caridade nas necesidades concretas de cada un; o que, por outra parte, se fai cada vez máis urxente, vista a evolución demográfica das nosas parroquias, e a soidade que crece nas novas situacións «familiares», económicas e sociais.

Fomentemos a xeración e o coidado destes «centros de referencia», destas «escolas» en que poida transmitirse a alegría de acoller o Amor do Señor, e ser acompañados a vivir como discípulos seus. Descubriremos así, máis verdadeiramente, a urxencia da participación de todos os fieis, para facer posible a presenza do pobo de Deus nun lugar. Todos serán necesarios, todos estaremos chamados a unirmos: quen cuida do edificio, da liturxia, da catequese ou de Caritas; pero igualmente as familias, os anciáns e os mozos, os que viven e poden constituír «comunidade».

E os sacerdotes mesmos poderán exercer mellor o seu labor, no anuncio do Evanxeo, na liturxia e a catequese, como pastores que cuidan da súa xente e gárdana na unidade, que a coñecen e teñen tempo para ela, que están ao seu lado con caridade verdadeira.

#### **4. O don da indulxencia**

Neste horizonte, será conveniente igualmente este curso poñer en valor e aproveitar os privilexios da nosa Catedral e de O Corpiño.

Máis aló das moitas dimensións e riquezas de ambos lugares, asóciaos neste momento a concesión da indulxencia plenaria. É un don que, como tal, fálanos directamente da conciencia do cristián, do misterio do perdón e a reconciliación, da graza do Señor que libera do mal e fai posible unha vida nova, como discípulo seu.

Volve poñerse ante os nosos ollos así a importancia do sacramento da reconciliación, en que se actualiza o gran don de perdón

recibido no bautismo. É un sacramento que pode valorar especialmente quen se sabe cristián no medio do mundo, chamado a vivir nunha relación nova con Deus e co irmán, en camiño cara á perfección no amor. Resultará insignificante, en cambio, se pensamos, coa mentalidade dominante, que nada diferencia a existencia dun cristián e a dun non cristián —excepto quizá algunhas obrigacións fastidiosas—, que a fe non cambia «obras e palabras»; e cremos igualmente que, no fondo, non necesitamos a axuda de ninguén, que temos suficiente intelixencia e forza para xestionar sós a propia vida.

O don da indulxencia lémbra-nos o contrario: o encontro co Señor Xesús reconcilia e cambia o corazón, sana, introdúcenos na comunión dos irmáns, onde os uns sosteñen a vida dos outros, tamén co tesouro das propias oracións, sacrificios e méritos. E todos necesitamos este encontro, esta comunión; un lugar onde compartir e manter viva a fe, axudándonos para que obras e palabras reflectan e non traizoen a verdade recoñecida polo corazón.

Neste ano, a Igrexa universal dalgunha maneira estanos convidando a que miremos en especial á Catedral ou ao Santuario de O Corpiño —no medio da nosa Igrexa diocesana— como lugares onde atopar e cultivar esta comunión, como «escolas» onde é posible a transmisión e a educación da fe. Acollamos esta invitación como a proposta de facer un camiño unidos, para redescubrir máis conscientemente, como persoas adultas, o gusto de ser e de vivir como cristiáns, membros da Igrexa.

Ás iniciativas pastorais que poidan tomarse desde a Catedral ou o Santuario de O Corpiño, procuraremos engadir algún xesto máis diocesano ao longo do curso. Pero todos estamos convidados a valorar pastoralmente tanto este recurso concreto, estas riquezas da nosa tradición como Igrexa en Lugo, como o significado profundo da insistencia no don da indulxencia, no perdón e a liberación do mal: a renovación da vida que se atopa na experiencia da comunión eclesial.

## **5. Santa María, Nai e Mestra**

Pidamos a Santa María que axude á nosa Igrexa diocesana a saber ser «nai e mestra», fogar dunha vida chea de sabedoría e de amor non finxido a Deus e ao próximo, como Ela o foi para o seu Fillo, levándoo no seu seo e coidándoo maternalmente.

Tamén cada un de nós, coa propia vocación e o propio ministerio na Igrexa, estamos chamados a levar este tesouro como en vasi-llas de barro. Alegrémonos sempre, como Ela, desta obra grande de Deus, capaz de facer de nós instrumentos seus, e acollamos de corazón a misión de anunciar a boa nova do Evanxeo, a presenza entre nós de Aquel que coa súa sabedoría, misericordia e amor pode renovar a nosa vida e salvarnos para sempre.

Só así, confiando no amparo e a intercesión da Virxe María, Nai da Igrexa e Mestra incomparable na experiencia da fe e o servizo a Xesús o seu Fillo, poderemos aceptar o desafío de ser, nas nosas parroquias e nas nosas propias persoas, lugares abertos e acolle-dores en que se poida atopar ao Señor e gozar da súa compañía, crescendo persoalmente en graza e en verdade.

+ *Alfons, hijo de  
dus*